

SAMI BLOOD

[Amanda Kernell, 2016]

304

PASE ÚNICO EN NUMAX: 10.11.2017 | V.O.S.E.

Sameblod (2016, 110')

Dirección: Amanda Kernell

Guión: Amanda Kernell

Elenco: Lene Cecilia Sparrok, Mía Erika Sparrok, Maj Doris Rimpí, Julius Fleischanderl, Olle Sarri, Hanna Alström, Malin Crépin

Son: Brian Dyrby, Mira Falk

Montaxe: Anders Skov

Fotografía: Linus Sandgren

Vestuario: Viktoria Mattila, Sara Svonni

Dirección de arte: Lasse Strøm

Música: Kristian Eidnes Andersen

Produtoras: Bautafilm, Digipilot (Suecia),

Det Danske Filminstitut (Dinamarca)

Distribuidora: Parlamento Europeo

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Suomi, noruegués, danés, sueco

FILMOGRAFÍA

I Will Always Love You Kingen, 2017

[curtametraxe]

Stoerre Vaerie, 2015 [curtametraxe]

Paradiset, 2014 [curtametraxe]

The Association of Joy, 2013

[curtametraxe]

Det kommer aldrig att gå över, 2013

[curtametraxe]

Att dela allt, 2009 [curtametraxe]

Spel, 2009 [curtametraxe]

SINOPSE

Elle Marja é unha moza lapona de 14 anos que cría renos. Exposta ao racismo, durante os anos 30, e a exames biolóxicos no seu internado, empeza a soñar con outra vida. Para acadar esa nova vida deberá rachar todos os lazos coa súa familia e a súa cultura.

«Kernell mestura con solidez os medos adolescentes que resoan entre fronteiras e xeracións cun contexto cultural específico, estraño e fascinante»

Guy Lodge, VARIETY

#CINEUROPA31



“Hoxe o mundo parécese máis ao dos anos 30, en moitos sentidos”

Entrevista a Amanda Kernell

Por Stephen Saito

Onde se inicia o proxecto de Sami

Blood? Estiven a facer curtametraxes durante dez anos, mais nunca sobre o tema deste filme, probablemente porque tiña moita presión ao ter medrado nesas circunstancias e era unha historia que non fora antes contada. Boa parte dos meus familiares son suomis, ese foi o seu primeiro e único idioma de nenos e agora mudaron de nome e non queren falar sobre aqueles anos. Outra parte da miña familia dedícase aínda hoxe á crianza de renos, conservan as tradicións, as linguaxes e os cantares orixinais.

Sempre me preguntei como é proceso para te converter noutra persoa e que lle sucedeu a toda unha xeración, pois non é so cousa da miña familia. Moita xente foi a garderías en Laponia e sufriron toda clase de exames biolóxicos desde o seu nacemento. Considerábanos o último chanzo na evolución humana e non tiñan dereito a voto. Quería saber como é o proceso interno dunha persoa que corta todos os lazos co seu pasado, a súa familia e cultura. Daquela, comecei a investigar.

A semente de onde agroma a historia tivo lugar na túa propia familia, ou

é froito desa pescuda máis ampla?

Gravei entrevistas cos máis vellos da miña familia e tamén coa xente que foi ás garderías naquela altura. Para min era fundamental coñecer a función que tiñan estas escolas e como se sentían os rapaces ao ir alí, mais o filme trata tamén do proceso de crecemento dunha nena, polo que unha parte procede da miña propia vida. Unha adolescente que quere agradar, encaixar e prefire non ter que explicar a todo o mundo a súa procedencia pois sente que non sería aceptada por moita xente. Moitas das historias do filme poderían suceder hoxe en día.

Ante o auxe do racismo que está a experimentar boa parte do planeta nos últimos tempos consideras que o filme acadou unha maior vixencia?

Pode ser, pero a miña idea vén de anos atrás. Simplemente quería facerme antes boa cineasta [risas]. Trátase dun dos primeiros filmes falados en suomi e o primeiro en falar da cuestión da colonización, a vergoña e a internalización do racismo, así que sentía unha certa responsabilidade en ficar orgullosa do resultado. Mais é certo que durante o proceso de realización o mundo volveuse máis e máis parecido ao dos anos 30, en moitos sentidos.

A cámara fica en todo momento moi preto fisicamente de Elle Marja, a actriz protagonista. De onde vén esa decisión estilística? Son moitas as razóns. Quería facer un filme intimista

desde a perspectiva suomi, oposto aos grandes estudos observacionais cos que os antropólogos suecos trataron ao meu pobo durante décadas. Quería ser específica no tratamento e que o espectador se esquecese do tempo. O filme é realmente o retrato dunha persoa, segue a súa toma de decisións e experiencias e é tamén un exercicio de memoria. É interesante comprobar o que sucede cando filmes algo sabendo que é unha lembranza. Daquela pregunteime, como son os recordos? Un lembra detalles. Daquela todo é memoria, e tentei tratalo desde o aspecto máis textural e sensual posíbel. Hai unha chea de renos, nenos e mosquitos, auga da montaña e cans, xente de oitenta anos que non tiña actuado antes. É máis aproximado á vida real nalgún sentido pois son cousas que non están baixo o meu control.

De aí vén a idea, por exemplo, de introducir irmás reais no filme? Si, son irmás mais non son adolescentes escollidas ao chou. Son especiais e posúen esta integridade, orgullo e fortaleza. Ademais lémbrenme as mulleres da miña propia familia. Meu pai sempre dicía: «Nunca se veñen abaixo. Son como as pólas das árbores nas montañas, nunca quebran, simplemente abanean cando sopra o vento».

Publicado en <http://moveablefest.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónате
e ven sempre
por**
4,5€

**Faite
NUMAX!**